

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS SOBRE EMERXENCIAS MARÍTIMAS PARA O SECTOR PESQUEIRO DE GALICIA



Co financiamento de:



GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS SOBRE EMERXENCIAS MARÍTIMAS PARA O SECTOR PESQUEIRO EN GALICIA

Cofinancia



**XUNTA
DE GALICIA**

Edita: FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y MARISQUEO –FUNDAMAR

Dirección e coordinación: FUNDAMAR

Cofinancia: Xunta de Galicia

Vigo, novembro 2015

Depósito Legal: VG 706-2015

Este traballo foi realizado coa colaboración de: SGS Tecnos SA, Servicio de Prevención mancomunado SMC-Coapre, Intituto Social de la Marina, Capitanía Marítima de Vigo, Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico, Federación de servizos a Cidadanía CCOO-Galicia, Servicios para la Movilidad y el Consumo de la UGT Galicia.

ÍNDICE

1. AS EMERXENCIAS MARÍTIMAS NO SECTOR PESQUEIRO.....	3
1.1 INTRODUCCIÓN.....	3
1.2 OBXECTO E ALCANCE DO ESTUDO	6
1.3 A SEGURIDADE MARÍTIMA. PREVENCIÓN E RESPOSTA.....	7
1.4 AS EMERXENCIAS MARITIMAS. MEDIOS DE EXTINCIÓN E EQUIPOS DE SALVAMENTO NOS BUQUES DE PESCA	12
1.4.1 MEDIOS DE EXTINCIÓN	13
1.4.2 DISPOSITIVOS DE SALVAMENTO E PROTECCIÓN DA TRIPULACIÓN	18
1.4.3 CADRO DE CONSIGNAS PARA EMERXENCIAS	22
1.5 PRINCIPAIS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.....	23
2. ESTUDO CUALITATIVO	25
2.1 INTRODUCCIÓN	25
2.2 RESULTADOS	25
3. RESULTADOS E CONCLUSIÓNS.....	37
4. BOAS PRÁCTICAS SOBRE EMERXENCIAS MARÍTIMAS	41
4.1 Recomendacións dirixidas ao armador	42
4.2 Recomendacións dirixidas ao patrón de pesca	44
4.3 Recomendacións dirixidas a toda a tripulación	46
4.4 Recomendacións sobre a seguridade a bordo dos buques de pesca	47
4.5 Recomendacións en canto ás emerxencias marítimas	51
4.6 Recomendacións sobre primeiros auxilios	58
5. BIBLIOGRAFÍA.....	61

1. AS EMERXENCIAS MARÍTIMAS NO SECTOR PESQUEIRO

1.1 INTRODUCCIÓN

Entrados xa na segunda década do século XXI, a problemática da Seguridade Marítima segue sendo un dos grandes retos pendentes da nosa sociedade¹. De feito, a pesca mariña é unha das actividades económicas con maiores cifras de sinistralidade laboral, que nos últimos anos veu aumentando.



Os datos estatísticos de 2013 mostran un Índice de incidencia de 31,2 accidentes de traballo mortais por cada 100.000 traballadores expostos aos riscos da actividade pesqueira. Esta cifra é dez veces superior ao Índice medio do total de actividades económicas (3,33) e case cuadriplica ao Índice da construción (8,89), un sector tradicionalmente de elevada sinistralidade².

No ano 2013 producíronse 12 accidentes de traballo mortais e no ano 2014 a cifra incrementouse até chegar a 33 accidentes mortais³.

¹Santiago G, Elvira. "La seguridad marítima en el siglo XXI ¿problema político o controversia social?". Universidad de A Coruña.

² Jornada Técnica. Sector marítimo pesquero. I Encuentro Nacional de Seguridad y Salud. Mayo 2015.

³Otero R-C, Pedro Luis. (2015) "Investigación de Accidentes en las actividades pesqueras". Jornada Técnica. Sector marítimo pesquero. I Encuentro Nacional de Seguridad y Salud. Inspección de Trabajo y Seguridad Social.

Esta realidade implica a adopción de medidas orientadas a reducir os accidentes de traballo. Entre outras cousas, faise necesario ampliar a información dispoñible para saber o que pode estar a ocorrer e pór en práctica novas solucións, e/ou mellorar as xa existentes dirixidas a reforzar a mellora continua das condicións de seguridade e saúde dos traballadores do sector.



Cando se produce un accidente marítimo, ademais dos **danos humanos** que son sempre os máis importantes, non debemos esquecer as **perdas económicas** que isto pode supor:

- Custos da asistencia contratada polo barco naquelas situacións en que se poidan dar problemas para a navegación.
- Custos derivados do salvamento dun barco a outro en perigo inminente de perda por afundimento, incendio ou calquera outra causa (indemnización polos gastos producidos e unha parte do valor do salvado).
- Perda temporal dos ingresos dos mariñeiros.
- Custos que asume o seguro no caso de que o barco estivese asegurado.
- Custos de salvamento que asume a Administración (coordinación, investigación posterior, asistencia médica).

O 26 de Maio de 2015, tivo lugar o I Encontro Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo no Sector Pesqueiro, coa finalidade de tratar a situación da prevención de riscos laborais na actividade pesqueira, e presentar diferentes accións destinadas a apoiar a mellora das condicións de seguridade e saúde do traballo na pesca e formular

propostas dirixidas a mellorar as elevadas cifras de sinistralidade que presenta esta actividade.

No informe sobre as causas de accidentes marítimos moi graves na pesca durante o período 2008-2013 presentado neste encontro, investigáronse 100 informes de accidentes de traballo moi graves por parte da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos:

Dos 100 accidentes, 82 foron marítimos (15 mortais) e 18 operacionais (15 mortais).

Se nos centramos nos **accidentes marítimos**, estes derivan principalmente en afundimentos, abordaxes e incendios.

- No período comprendido nos anos 2008-2013, producíronse **34 afundimentos** dos cales, no **35 % dos casos** asóciase a **xestión da emerxencia** como **posible causa do afundimento**, ante a combinación de factores como a falta de familiarización, o abandono de chalecos e demoras ao solicitar auxilio ou non usar SMSSM.
- Nas **17 abordaxes**, no **21%** atribúese como **causa a xestión da emerxencia** por non usar SMSSM.
- Dos **7 incendios** producidos, no **55% dos casos** atribúese como **causa a xestión da emerxencia** a combinación da falta de familiarización, falta de realización de exercicios periódicos e non utilizar e SMSSM.

Galicia representa o 40% da flota pesqueira nacional, sendo todo un referente para o resto de Comunidades Autónomas no panorama pesqueiro actual, e máis concretamente no ámbito da seguridade e a saúde laboral.

No ano 2014 incrementáronse os accidentes de traballo no sector pesqueiro galego:

No ano 2013 producíronse 1.133 accidentes de traballo, e no 2014 chegouse a un total de 1.197 accidentes. Segundo informe sobre causas de accidentes marítimos moi graves na pesca durante o período 2008-2013, rexistráronse 12 casos de afundimento en Galicia e 6 casos de abordaxe.

O incremento produciuse principalmente nos accidentes de traballo leves e nos mortais:

TIPO DE ACCIDENTE/ANO	ACCIDENTE LEVE	ACCIDENTE GRAVE	ACCIDENTE MORTAL	TOTAL
2013	1.068	58	7	1.133
2014	1.122	55	20	1.197

Fonte: A sinistralidade laboral en Galicia no ano 2014. Observatorio Galego de condicións de traballo. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

A pesar de contar cos esforzos dos distintos axentes que interveñen no escenario da pesca, e co apoio e colaboración de organismos especializados.

Por todo iso, desde a *Fundación para a Pesca e o Marisqueo* propónse o desenvolvemento dunha **GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS SOBRE EMERXENCIAS MARÍTIMAS PARA O SECTOR PESQUEIRO DE GALICIA**, que sirva de marco de referencia e que facilite unhas pautas de actuación e recomendacións.

1.2 OBXECTO E ALCANCE DO ESTUDO

Desde a *Fundación para a Pesca e o Marisqueo (FUNDAMAR)*, desenvólvese o presente estudo coa finalidade de abordar de forma específica a problemática relativa ás emerxencias marítimas para o sector pesqueiro de Galicia e establecer medidas orientadas a reducir este tipo de accidentes. Preténdese propor un Guía de boas

prácticas sobre emerxencias marítimas e que dea cumprimento aos seguintes obxectivos:

- **Facilitar** unha Guía de Boas Prácticas en caso de emerxencia, dirixidas aos traballadores que sirva de marco de referencia para o sector pesqueiro en Galicia.
- **Proporcionar** información concreta, clara e suficiente para que se poidan xestionar correctamente as emerxencias marítimas.
- **Clarificar** posibles dúbidas ou interpretacións erróneas sobre a actuación en caso de emerxencia marítima.
- **Mellorar** a xestión das emerxencias marítimas no sector pesqueiro.
- **Promover** a concienciación e sensibilización en armadores, patróns e tripulación pesqueira en materia de xestión de emerxencias.
- **Potenciar** a cultura preventiva no sector pesqueiro no ámbito das emerxencias marítimas.
- **Reducir** as emerxencias marítimas a través de pautas de actuación que faciliten á tripulación a xestión da emerxencia.
- **Avanzar** na mellora da seguridade marítima no sector pesqueiro de Galicia.

1.3 A SEGURIDADE MARÍTIMA. PREVENCIÓN E RESPOSTA

Na gran maioría das situacións de emerxencia xurdidas tras accidentes ou sinistros marítimos, a eficacia das medidas que en xeral se adoptan, é evidente. Pero non hai que esquecer que cando a mar impón a súa lei, as medidas de resposta non son eficaces sempre, e que lamentablemente, o factor humano ten certa



responsabilidade directa ou indirectamente no 80% dos accidentes marítimos⁴.

Cando falamos de **seguridade marítima**, debemos facelo sobre a base de que **non estamos ante unha ciencia exacta** e que os resultados non se corresponden, nalgunhas ocasións, cos previstos.

A seguridade marítima é o conxunto de medidas para a salvaguardia da seguridade da vida humana na mar, da navegación, e do medio ambiente mariño, e todo iso nos seus dous aspectos fundamentais:

- As medidas de «prevención», é dicir, tanto as de seguridade do propio buque (condicións de estabilidade, de estiba da carga, de flotabilidade, de estanquidade, de propulsión, de formación técnica das súas tripulacións, sistemas contraincendios, radiocomunicacións, prevención da contaminación, etc.), como a seguridade ante perigos alleos ao buque ou á súa carga (mar e vento, evitación de abordaxes, visibilidade, faros e balizamento, etc.).
- As medidas de «resposta» cando fallan as medidas de prevención (medios aéreos e marítimos de procura e salvamento, loita contra a contaminación, etc.).⁵

A *Dirección Xeral da Mariña Mercante* realiza a seguinte clasificación:

- **Emerxencia marítima:** Situación que pon en perigo inminente para a seguridade das persoas, os buques ou aeronaves na mar, a navegación ou o medio ambiente mariño.

⁴LLORENS A, C. (2013). "Las emergencias marítimas y el sistema nacional de respuesta ante la contaminación marina. Análisis y juicio crítico".

⁵ "Impacto de los riesgos emergentes en la seguridad marítima". Cuadernos de estrategia. Instituto Español de Estudios Estratégicos. Ministerio de Defensa. 2008

- **Accidentes marítimos:** Situacións que afectan ó buque na súa materia, alterando a regularidade da navegación e que inciden sobre a integridade e seguridade do mesmo, a carga, a tripulación ou a pasaxe.

Por exemplo: afundimentos, desaparición, colisión, incendio/explosión, varada, fallo mecánico/estrutural, escora, vía de auga, etc.

- **Incidentes marítimos:** Sucesos ou situacións ocorridos na mar ou na costa que implican a tripulantes, buques e circunstancias conexas, pero nos que a materialidade das embarcacións non se ve directamente afectada.

Por exemplo: accidente laboral, apresamento, asistencia médica, asistencia e axudas á navegación, ausencia temporal de noticias, conflitos laborais, evacuación médica, falecemento por causa natural, fallo mecánico, fondeo en augas xurisdiccionais españolas, inmigración ilegal (polisóns), petición de socorro, pirataría, remolque, rescate de náufragos, etc.

O que é evidente, é que a **seguridade marítima** debe ser concibida baixo dous aspectos: **a prevención e a resposta**.

Desde o punto de vista preventivo, el *Plan Nacional de Servicios Especiales de Salvamento de la Vida Humana en la Mar y de la Lucha contra la contaminación del Medio Marino 2010-2018*, fai fincapé na **necesidade de reforzar o sistema preventivo, especialmente en sectores** especialmente vulnerables, **como o pesqueiro**, concretamente en materia de salvamento e seguridade dos buques pesqueiros e os seus traballadores.

Salvamento Marítimo considera a **seguridade do sector pesqueiro**, un dos obxectivos **prioritarios**.

O Acordo do Consejo de Ministros de 29 de Abril, polo que se establecen as actuacións conxuntas entre o *Ministerio de Fomento, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, y el Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino*, para mellorar a seguridade dos buques pesqueiros, delimita o marco de actuación entre os Ministerios implicados para a realización de actuacións conxuntas, axuntar e coordinar esforzos, concretamente en materia de salvamento e seguridade dos buques pesqueiros e dos traballadores do mar.

En canto á capacidade de resposta en materia de seguridade marítima, o *Ministerio de Fomento* asume competencias para dar resposta efectiva aos incidentes e accidentes marítimos, coordinando aos Organismos e Administracións implicados no sistema público de salvamento e a través da Sociedad de Salvamento y Seguridad Marítima (SASEMAR), tanto nos seus respectivos Servizos Centrais como nos Centros de Coordinación de Salvamento existentes ao longo do litoral.

SASEMAR⁶ é unha entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Fomento, cuxas vertentes de actuación son as seguintes:

- Salvagardar a vida humana na mar
- Protexer o medio ambiente mariño e
- Controlar a navegación marítima nas augas españolas.

As súas actuacións lévanse a cabo mediante a coordinación e dirección operativa de todos os recursos dispoñibles que poden ser utilizados ante unha emerxencia marítima e que coa denominación xenérica de «**Salvamento Marítimo**», constitúe o órgano nacional para a coordinación global dos servizos de procura e salvamento, e actúa atendendo a **todo tipo de embarcacións** que requiran a súa asistencia na mar,

Mediante un teléfono de emerxencias gratuito (900 202 202) e o resto de sistemas de comunicación de emerxencias incluídos no *Sistema Mundial de Socorro y Seguridad*

⁶ <http://www.helimer.es/content/sasemar>

Marítima (radiocomunicacións, radiobalizas de localización de sinistros, etc.) pódese contactar con «Salvamento Marítimo» as 24 horas do día, todos os días do ano.

SASEMAR áchase estruturada mediante unha organización central con base en Madrid, integrada polos Servizos Centrais e o Centro Nacional de Coordinación de Salvamento con embarcacións, helicópteros e avións específicos cun persoal especializado. E unha organización periférica, que constitúen o resto dos Centros de Coordinación de Salvamento situados no litoral español. Centros de Coordinación de salvamento «Salvamento Marítimo» conta con 21 Centros de Coordinación de Salvamento, cuxa situación se determinou tendo en conta as necesidades de cobertura da franxa litoral e da zona marítima española.

O *Centro Nacional de Coordinación de Salvamento (CNCS)*, é o Centro que ten como función específica coordinar a todos os demais Centros periféricos a execución das operacións de procura, rescate e salvamento, servindo ao mesmo tempo como ligazón e coordinación cos Centros equivalentes a nivel internacional.

En Galicia, os centros locais da Coruña e Vigo, realizan tarefas de seguimento do tráfico de buques nas súas proximidades e saídas dos portos onde se atopan situados.

Existen ademais, dous Centros Zonais, son os Centros de Coordinación de Salvamento. Un deles, é do de Finisterre, con cobertura para toda Galicia.

Ademais, SASEMAR dispón de acordos de cooperación cos países da contorna (Francia, Portugal, Italia e Marrocos), con outros órganos da Administración (Ministerios de Defensa, de Interior e de Economía, así como Comunidades Autónomas) e con outras entidades que poden colaborar na seguridade no mar, como a Cruz Vermella ou Telefónica^{7 8}.

⁷<http://www.salvamentomaritimo.es/sm/sala-de-prensa/salvamento-maritimo-y-cruz-roja-espanola-firman-el-plan-de-accion-conjunta-2012/>

⁸ <http://www.salvamentomaritimo.es/sm/que-hacemos/cooperacion/>

Na Comunidade Autónoma de Galicia, cóntase coa Dirección de Portos de Galicia, organismo que depende da Consellería do Mar. Encárgase da xestión de 123 dos 128 portos autonómicos: 11 en Lugo, 68 na Coruña e 43 en Pontevedra. Ten encomendadas as competencias de planificación, construción, conservación, explotación e mellora dos seus portos.

O gran número de portos e a súa distribución xeográfica é a razón pola que a organización territorial de portos de Galicia está organizada en catro centros de traballo:

- Servizos Centrais situados en Santiago de Compostela
- Zona norte xestiona 16 portos desde Ribadeo até Redes
- Zona centro xestiona 61 portos desde Mugardos até Rianxo
- Zona sur xestiona 45 portos desde Pontecesures até Tui

O seis portos restantes: A Coruña, Vigo, Vilagarcía, Ferrol, San Cibrao e Marín, son considerados Portos de interese nacional e xestiónanse a través das súas correspondentes Capitanías Marítimas dependentes do Ministerio de Fomento, e en canto á actividade pesqueira, a súa xestión corresponde ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

1.4 AS EMERXENCIAS MARITIMAS. MEDIOS DE EXTINCIÓN E EQUIPOS DE SALVAMENTO NOS BUQUES DE PESCA

Centrándonos nas emerxencias marítimas, entendidas como toda *situación que pon en perigo inminente para a seguridade das persoas, os buques ou aeronaves na mar, a navegación ou o medio ambiente mariño*, e na **necesidade de reforzar o sistema preventivo, especialmente no pesqueiro**, concretamente en materia de salvamento e seguridade dos buques pesqueiros e os seus traballadores:

A *Dirección General de la Marina Mercante*, que depende do Ministerio de Fomento, e de conformidade coa Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante⁹, ten atribuídas as seguintes competencias en relación aos buques pesqueiros:

- Control da situación, rexistro e abanderamento dos buques.
- Regulamentación e realización de inspeccións de seguridade, así como as homologacións e aprobacións dos equipos e materiais que teñan relación coa seguridade marítima e a vida humana no mar.

En canto ás disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca¹⁰, establécense determinados requisitos en canto á súa localización, accesibilidade e condicións de mantemento e seguridade.

O cumprimento de todos estes requisitos está directamente relacionado cos metros de eslora da embarcación, e nalgúns casos establécense determinados requisitos diferenciando pesca local, litoral, de altura e de gran altura.

1.4.1 MEDIOS DE EXTINCIÓN

Medidas de seguridade para buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros^{11 12}

A partir dos 24 metros de eslora, as medidas de seguridade a cumprir polos buques establecen sobre os medios de extinción os seguintes parámetros:

⁹ Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de setembro, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

¹⁰ Real Decreto 1216/1997, de 18 de xullo, por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en el trabajo a bordo de los buques de pesca.

¹¹ Real Decreto 1032/2002, de 27 de Decembro, por el que se determinan las normas de seguridad a cumplir por los buques pesqueros de eslora igual o superior a 24 metros.

¹² Convenio de Torremolinos 1993. Acta final de la conferencia internacional sobre seguridad de los buques pesqueros.

1. Para buques novos de eslora igual ou maior de 15 metros, e para buques xa existentes de eslora igual ou maior a 18 metros, é obrigatorio dispor na cámara de máquinas, de **sistemas fixos de detección, alarma e extinción de incendios**, que se revisarán e manterán sempre en bo estado.

- Ademais os sistemas fixos de detección, alarma e extinción de incendios do barco contarán cos medios necesarios para dar de forma automática un sinal de alarma visual e acústica nun ou máis indicadores segundo proceda, e situaranse de forma accesible e ben sinalizados¹³. Os indicadores estarán centralizados e darán a alarma na caseta de goberno.
- Nos espazos en que haxa caldeiras alimentadas con combustible líquido ou instalacións de combustible líquido, proverase un calquera dos sistemas fixos de extinción de incendios que a continuación se indican:
 - Unha instalación aspersora de auga a presión.
 - Unha instalación extintora por gas inerte.
 - Unha instalación extintora que utilice vapores procedentes da vaporización de líquidos de baixa toxicidade ou, unha instalación extintora que utilice espuma de alta expansión.

2. A embarcación contará como mínimo con **dúas bombas contra incendios** e no caso de que un incendio inutilizara todas as bombas contra incendios, disporase doutro medio de subministración de auga para combater o incendio. Cando se trate de buques de pesca con 75 ou máis metros de eslora, o medio de subministración de auga será unha bomba fixa de emerxencia.

3. En canto ás **mangueiras contra incendios**, haberá tantas como bocas contraincendios, e máis dunha das mangueiras será de respecto. Corresponde á

¹³ Real Decreto 485/1997, de 14 de Abril, sobre disposiciones mínimas en materia de señalización de seguridad y salud en el trabajo.

Administración determinar o número concreto de mangueras que debe haber en función do tamaño do buque.

4. Os **extintores fixos e portátiles** de incendios serán dun tipo aprobado segundo a *Resolución da Organización Marítima Internacional (OMI) A.951(23)*.

- Nos postos de control e nos espazos de aloxamento e de servizo proveranse polo menos cinco extintores portátiles de tipo aprobado.
- Ademais, en cada cámara de caldeiras haberá polo menos un extintor portátil de aire/espuma segundo considere idóneo a Administración.
- En cada fronte de quemadores de cada cámara de caldeiras e en todo espazo en que se ache situada unha parte da instalación de combustible líquido haberá polo menos dous extintores portátiles de tipo aprobado que descarguen espuma ou un produto equivalente.
- En cada fronte de quemadores haberá un recipiente que conteña area, serrín impregnado de sosa ou outro material seco aprobado. O recipiente poderase substituír por un extintor portátil aprobado.

5. Os espazos que conteñan motores de combustión interna, de potencia igual ou superior a 750 kW, estarán provistos de:

- Unha instalación aspersora de auga a presión.
- Unha instalación extintora por gas inerte.
- Unha instalación extintora que utilice vapores procedentes da vaporización de líquidos de baixa toxicidade ou,
- Unha instalación extintora que utilice espuma de alta expansión.
- Un equipo extintor portátil de aire/espuma.

6. Os espazos que conteñan turbinas de vapor ou máquinas de vapor de cárter pechado que se utilicen para propulsión principal ou para outros fins, cunha potencia superior a 750 kW, estarán provistos de extintores de espuma.

Medidas de seguridade para buques pesqueiros de eslora inferior a 24 metros^{14 15}.

1. Os sistemas fixos de detección, alarma e extinción de incendios, revisaranse e manteranse sempre en bo estado. Contará cos medios necesarios para dar automaticamente un sinal de alarma visual e acústica nun ou máis indicadores se un detector entra en acción.

2. Polo menos instalarase unha **bomba contraincendios principal**, que poderá lanzar un chorro de auga desde calquera boca, manguera ou lanza contra incendios.

3. Como mínimo, o barco contará cunha boca contra incendios de fácil conexión con mangueras contra incendios para dirixir un chorro de auga por unha manguera dunha soa peza a calquera parte do buque.

Nos espazos de máquinas principais contarase cunha boca contra incendios coa súa correspondente manguera situada fora da zona de máquinas.



En caso de buques de pesca de altura e gran altura, contarase cunha manguera de respecto.

¹⁴ Real Decreto 543/2007, de 27 de Abril, por el que se determinan las normas de seguridad y de prevención de la contaminación a cumplir por los buques pesqueros menores de 24 metros.

¹⁵ Casado M, José. (2014) "Guía de mantenimiento de los dispositivos de salvamento y de los equipos contra incendios a bordo de las embarcaciones de pesca menores de 24 metros de eslora". Dirección General de la Marina Mercante.

4. Os **extintores fixos e portátiles** de incendios serán dun tipo aprobado segundo a *Resolución da Organización Marítima Internacional (OMI) A.951(23)*. Non excederán de 25 kg, e deberán ter as seguintes capacidades:

- Se son de anhídrido carbónico, non menos de 3,5 kg.
- Se son de po seco, non menos de 4,5 kg.
- Se son doutro tipo, deberán ter unha capacidade equivalente de extinción aos extintores portátiles de espuma de 9 litros.

Cando se trate de buques de pesca de altura e gran altura, os extintores de incendios que poden recargarse a bordo, disporán polo menos dunha carga de reserva por cada extintor prescrito e no caso dos extintores de incendios que non poden recargarse a bordo, haberá polo menos un de reserva por cada catro extintores de incendios, distribuídos por todo o buque.

5. **Cando se considere necesario**, dependendo da zona en que o buque realice as súas operacións, a embarcación contará con **bomba de emerxencia** e tamén pode haber unha **bomba contra incendios portátil** de emerxencia.

Prevenición e extinción de incendios en embarcacións de pesca de eslora (L) menor de 12 metros¹⁶.

1. En todas as embarcacións de eslora (L) maior ou igual a 12 m. haberá polo menos tres extintores portátiles de incendios distribuídos:

- na ponte de goberno.
- preto do acceso á cociña.
- nos espazos de aloxamento en cada cuberta.

¹⁶ Real Decreto 543/2007, de 27 de Abril, por el que se determinan las normas de seguridad y de prevención de la contaminación a cumplir por los buques pesqueros menores de 24 metros.

Nos espazos de máquinas haberá polo menos dous extintores portátiles cunha capacidade equivalente á de po seco de 4,5 kg., e cando ditas cámaras conteñan máquinas de potencia igual ou superior a 250Kw., haberá polo menos tres destes extintores. Un deles estará situado preto da entrada da cámara.

2. Nas embarcacións de eslora total inferior a 12 metros a bomba contraincendios poderá ser substituída por un extintor de po seco de 4,5 Kg. Ou extintor equivalente.

1.4.2 DISPOSITIVOS DE SALVAMENTO E PROTECCIÓN DA TRIPULACIÓN

O *Código Internacional de dispositivos de salvamento*, é o que establece os requisitos sobre os dispositivos de salvamento que deben ir nas embarcacións, diferenciando entre pesca de gran altura, altura, litoral e local¹⁷:

En todos aqueles buques de eslora igual ou maior de 12 metros, dispórase a bordo dunha copia do plano de situación dos dispositivos de salvamento a bordo.

1. Balsas salvavidas

- As balsas salvavidas dos **pesqueiros de gran altura, altura e litoral** deberán axustarse ao disposto no *Código Internacional de dispositivos de salvamento* (código IDS). A capacidade mínima das balsas salvavidas será de 6 persoas.



¹⁷ Código Internacional de Dispositivos de Salvamento (Código IDS). Resolución MSC-66

Os buques disporán de, polo menos, dúas balsas salvavidas con capacidade conxunta para dar cabida ao 200% do número total de persoas, como mínimo, que haxa a bordo.

Nas embarcacións de supervivencia dos pesqueiros poranse sinais que ilustren a finalidade dos mandos e o modo de funcionamento do dispositivo do que se trate, conter as instrucións ou advertencias pertinentes e ser facilmente visibles con iluminación de emerxencia, utilizando signos conformes coas recomendacións da OMI.


- Os **buques de pesca local** poderán alternativamente cumprir con estándares recoñecidos internacionais satisfactorios tales como a familia ISO. Levarán unha ou máis balsas salvavidas con capacidade conxunta para o 100% do número total de persoas a bordo como mínimo.

Poderán aceptarse balsas cunha capacidade mínima de 4 persoas sempre que o número de persoas a bordo o xustifique.

Capitanía Marítima poderá eximir da necesidade de dispor de balsa salvavidas a aquelas embarcacións de pesca local, cando o considere pertinente.

2. Aros salvavidas

- Nos barcos de pesca de litoral, altura e gran altura, contarase cun aro salvavidas con luz de aceso automático e un aro salvavidas con rabiza de 27,5 metros.
- Cando se trate de arrastreiros, irán provistos de dous aros con luces.
- Nos barcos de pesca local, cando se trate de embarcacións de eslora igual ou superior a 12 metros e inferior a 24 metros, disporán dun aro salvavidas con luz de



aceso automático, en caso de navegación nocturna, e un aro salvavidas con rabiza de 27,5 metros.

- Os barcos de eslora inferior a 12 metros, levarán un aro salvavidas con rabiza de 18 metros.

3. Chalecos salvavidas

- Os buques pesqueiros disporán dun chaleco salvavidas para cada membro da tripulación.
- Nas embarcacións de eslora igual ou menor de 12 metros, cada tripulante levará un chaleco de inflado automático.
- Os tripulantes levarán un chaleco salvavidas de inflado automático cando traballen en cuberta, ou cando as condicións do estado do mar así o requiran.
- Contarase con chalecos de respecto por cada seis tripulantes.

4. Traxes de inmersión

- Salvo que Capitanía Marítima considere que non é necesario, os buques de pesca litoral, disporán de dous traxes de inmersión como mínimo.
- Os buques de pesca de altura e gran altura que faenen na zona no inverno, disporán de traxes de inmersión para cada unha das persoas que se atopa a bordo.

5. Aparellos lanzacabos

Os buques de pesca de altura e gran altura levarán un aparello lanzacabos.

6. Sinais de socorro

- Os buques de pesca local disporán de bengalas de man foguetes lanzabengalas.

- Os buques de pesca litoral disporán de bengalas de man e de foguetes lanzabengalas con paracaídas.
- Os buques de pesca de altura e gran altura levarán na embarcación foguetes lanzabengalas e sinais fumíxenas.

7. Alarma de emerxencia xeral

- Os buques de pesca litoral, altura e gran altura disporán de sistema de alarma xeral de emerxencia: o sinal consistirá en sete ou máis pitadas curtas, seguidas dunha pitada longa, de pito ou sirena de alarma equivalente.
- As sinais de chamada e de emerxencia poderán realizarse copito, sirena ou campá.
- Os buques de pesca de altura ou gran altura con máis dunha cuberta completa disporán dun equipo de bombeiro constando de indumentaria protectora, casco, luvas, botas, lanterna, e aparello respiratorio. resto de embarcacións de eslora igual ou maior de 12 m. disporán polo menos, dunha machada de bombeiro e tres baldes contra incendios, dous deles con rabiza.
- Os pesqueiros de altura e gran altura terán exposto de forma permanente na ponte un plano de loita contra incendios que indique claramente todos os elementos a bordo.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, os buques de pesca cuxos metros de eslora sexa inferior a 16 metros, han de dispor dos seguintes equipos de salvamento:

- **Balsas e aros salvavidas**

Os barcos de eslora superior a 12 metros levarán polo menos unha balsa homologada para o 100% das persoas a bordo.

Tamén é obrigatoria cando a eslora sexa igual ou inferior a 12 metros se se realiza pesca de litoral, altura ou gran altura.

No caso de que se trate de pesca local, deben levar un aro salvavidas para cada dúas persoas e cando os metros de eslora da embarcación superen os 12 metros, un aro a cada banda con luz de aceso automático e rabiza de 27,5 metros.

- **Chalecos salvavidas**

Todos os barcos levarán un chaleco con artefacto luminoso homologado, un depósito colorante e un espello de sinais para cada persoa a bordo.

Tal e como indica o *Código Internacional de dispositivos de salvamento*, Os tripulantes, levarán o chaleco posto sempre que estean a pescar ou traballando en cuberta, desde o 15 de Outubro até o 15 de Abril.

- **Aparellos radioelétricos**

Os buques de pesca de menos de 12 metros de eslora, levarán polo menos un aparello radiotelefónico homologado fixo ou portátil, de VHF banda mariña. Se a embarcación supera os 12 metros de eslora, este será fixo.

- **Radio balizas para localización de sinistros**

Todas as embarcacións con máis de 12 metros de eslora, levarán radiobalizas para localización de sinistros.

1.4.3 CADRO DE CONSIGNAS PARA EMERXENCIAS

Cando as embarcacións dispoñan de cinco ou máis tripulantes a bordo, contarán cun cadro de obrigacións para situacións de emerxencia, que se colocará en zonas visibles:

no comedor da tripulación e na ponte de goberno. Este cadro “orgánico” elabórase por Capitanía Marítima, e sempre debe ir adaptado ás características e operacións do buque.

O cadro indicará:

- O peche de aberturas como portas estancas, portas contra incendios, válvulas, sumidoiros, etc.
- Colocación do equipo en embarcacións de supervivencia e demais dispositivos de salvamento.
- Preparación doutros dispositivos de salvamento.
- Emprego do equipo de comunicacións.
- Composición da cuadrilla de loita contra incendios.

1.5 PRINCIPAIS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

Con carácter xeral, e á luz da información sobre sinistralidade que se pon de manifesto no sector pesqueiro, as principais situacións de emerxencia que poden derivar en catástrofe e que se poden evitar son as seguintes:

- Mal estado dos equipos de salvamento:

Cando se investigan os accidentes de traballo no mar, en ocasións compróbase a fatal de comprobación por parte de armadores, patróns e tripulantes do funcionamento e localización adecuada dos equipos de salvamento, ou a falta de carga das baterías de radiobalizas e equipos de comunicación.

- Carencias formativas na tripulación en canto á xestión dunha emerxencia de forma operativa e eficaz.
- Operacións erróneas cos sistemas de pesca.

- Moitos accidentes prodúcense por exceso de confianza, descoñecemento do funcionamento de equipos, descoidos, perdas de concentración, etc.
- Uso inadecuado dos Equipos de Protección Individual que se proporciona aos traballadores: calzado de seguridade, chaleco salvavidas cando se traballa en cuberta, etc.
- Manobras que poden provocar a inestabilidade da embarcación.
- Falta de mantemento dos equipos de propulsión, de goberno e de cuberta.
- Características do barco que non se axustan ás necesidades pesqueiras.
- Xornadas de traballo prolongadas que poden derivar en fatiga para os mariñeiros, coa consecuente perda de concentración e de reflexos.

2. ESTUDO CUALITATIVO

2.1 INTRODUCCIÓN

Coa finalidade de obter unha visión máis real sobre as dificultades para abordar unha emerxencia marítima, posibilidades de cumprimento da normativa reguladora, e medios materiais e humanos para actuar ante unha emerxencia marítima, realízase o presente estudo cualitativo a través de entrevistas en profundidade dirixidas a expertos do sector, técnicos de seguridade e saúde laboral, etc.

A continuación, preséntanse os resultados obtidos ao redor dos seguintes bloques temáticos:

1. Xeneralidades
2. Recursos humanos
3. Medios materiais
4. Situacións de emerxencia

2.2 RESULTADOS

1. Xeneralidades

Os dispositivos de seguridade e equipos de salvamento que debe levar un barco de pesca, régulanse conforme ao establecido en normativa e segundo criterio de Capitanía Marítima.

As normas que establecen os dispositivos de seguridade e medios de salvamento obrigatorios nun barco de pesca utilizan como elemento diferenciador os metros de eslora do barco da seguinte maneira:

- Dispositivos de seguridade obrigatorios para embarcacións até 12 metros de eslora.
- Dispositivos de seguridade obrigatorios para embarcacións de menos de 24 metros de eslora.
- Dispositivos de seguridade para embarcacións de 24 metros de eslora en diante.

“A normativa diferencia entre metros de eslora: até 12 metros, de 13 a 24 metros, e de 24 metros en diante”

“A normativa diferencia os dispositivos de seguridade que debe levar o barco para afrontar as diferentes emerxencias que se poden dar, segundo os metros de eslora do barco.”

Capitanía Marítima intervéen principalmente para establecer algún cambio tendo en conta elementos como a propia embarcación, augas polas que se navegue e onde se pesque, e tamén revisa e ratifica que os equipos están perfectamente revisados cos certificados pertinentes antes de partir.

“A normativa deixa opción ás distintas Capitanías da posibilidade de levar un dispositivo que é obrigatorio ou non. Non obrigan en función do barco, se non de onde navegue, de onde pesca, cando é obrigatorio levar traxe seco, etc.”

“Capitanía intervéen máis en relación aos equipos. É dicir, revísaos, ve se están correctos, ve que están revisados, pídelles os certificados, etc.”

En Galicia establécese o que é obrigatorio a nivel nacional, coa excepción de que na pesca local non se esixe que na embarcación leve traxe de supervivencia.

“Hai unha norma que esixe que todos os barcos con menos de 24 metros de eslora, teñen que levar traxe de supervivencia, e non todos o teñen porque Capitanía entende que un barco de pesca local non é necesario que leve traxe de supervivencia.”

A sinalización dos medios de extinción e de salvamento na embarcación, vén determinada pola normativa OMI, que é a que establece a relación de determinadas sinais asociándoas cos medios que se atopan no barco.

Os técnicos de prevención contratados polo armador, son os que normalmente asesoran e recomendan sobre que sinais utilizar para sinalizar determinados medios de extinción ou salvamento.

“En canto á sinalización, é o que che di a normativa. Hai que cumprir unha normativa OMI que che indica as sinais sobre dispositivos de salvamento, emerxencia e contra incendios. É unha normativa internacional.”

“Son máis ben os técnicos de prevención os que indican que tipo de sinalización debe haber en relación aos equipos de seguridade.”

Para finalizar, sobre a normativa vixente, os entrevistados poñen de manifesto que non hai ningunha carencia, considerando que esta é moi ampla, e que o importante é o seu cumprimento.

“Normativa eu creo que hai suficiente. O bo sería que se aplicasen todas.”

“Se coa metade que temos cumprísense, eu creo que teríamos suficiente.”

2. Recursos Humanos

En canto aos Recursos Humanos, ante unha emerxencia marítima, os pasos a seguir ou pautas que se establecen, veñen determinadas polo número de tripulantes da embarcación. Pódense dar varias modalidades:

- a. Cando se trata de embarcacións con traballadores por conta propia, que asumen directamente os aspectos relacionados coa seguridade. Normalmente trátase de pesca artesanal.

“No caso da pesca artesanal, adoitan ser traballadores por conta propia, e as medidas de seguridade ou de emerxencia asúmenas eles. Son o tío, o primo funcionan segundo o seu criterio e o seu sentido común.”

- b. Cando a tripulación mínima é de 5 tripulantes, que Capitanía Marítima proporciona ao armador un cadro orgánico no que se atribúen as funcións e responsabilidades que debe asumir cada mariñeiro.

“Cadro orgánico ten que haber a partir de 5 tripulantes.”

“Capitanía marítima establece que o cadro orgánico ten que ser para a tripulación mínima da embarcación.”

O cadro orgánico sitúase nas zonas comúns, normalmente o comedor para que sexa coñecido e poida ser visto por toda a tripulación.

“Nun exemplo de cadro orgánico tipo para cinco tripulantes, fíxanse as actuacións en caso de vía de auga, caída de home á auga, incendio, abandono de buque por parte da tripulación. Nel figuran as instrucións ou medidas que hai que tomar para o patrón de costa, patrón de pesca, contraestre, xefe de máquinas e un ou dous mariñeiros.”

En caso de emerxencia marítima, se a embarcación está integrada por máis tripulación, o resto de mariñeiros asume funcións de apoio aos titulares designados segundo o cadro orgánico establecido.

“Cando as embarcacións no canto de cinco tripulantes son dez, fan un documento estilo cadro orgánico onde se pon as instrucións segundo trátase de lume, vía de auga na embarcación, etc.”

Cando se trata de buques cuxo armador conta con traballadores por conta allea, adóitase contratar cun Servizo de Prevención Mancomunado ou Alleo, que é o que se encarga de proporcionar medidas de seguridade e pautas a seguir en caso de emerxencia marítima, e as funcións de apoio que asume o resto de membros da tripulación que non figuran no cadro orgánico.

“Cando son por conta allea, adoitan contratar cun Servizo de Prevención Mancomunado, ou cun Servizo de Prevención Alleo. Fan un cadro orgánico en función das diferentes situacións que poden levar aos barcos a emerxencias a bordo, establecer co patrón unha serie de instrucións para paliar esas situacións.”

“Sempre partes da tripulación mínima, e até a tripulación máxima asígnaslle funcións secundarias, xa que poden estar ou non, aínda que na maioría dos casos están, pero poden non estar.”

“Coa tripulación mínima establece as medidas de actuación para paliar unha emerxencia, ¿por qué? Porque unha embarcación pódese trasladar dunha ría á outra coa tripulación mínima e nesa navegación pode ocorrer unha incidencia e para atallar esa incidencia tes que contar coa tripulación mínima.”

Toda a información adicional ao cadro orgánico, colócase nos camarotes dos mariñeiros, respectando a localización no comedor e zonas comúns do cadro orgánico establecido por Capitanía Marítima.

“O cadro orgánico queda nas zonas comúns. O resto da información ponse en cada un dos camarotes para cada un dos tripulantes.”

“Nos camarotes, detrás da porta, ven onde tes que acudir, que tes que facer en caso de inundación, abandono, incendio...”

En canto á información e formación que reciben as tripulacións, ponse de manifesto como o contido dos cursos nos que se incorporan aspectos relacionados coas emerxencias marítimas é moi estándar, e resulta de escasa aplicación e operatividade coa realidade.

“Esíxennos unha serie de cursos para poder embarcar, pero son cursos moi estandarizados.”

“Os cursos deben estar adaptados á realidade do barco e non tan estandarizados.”

A pesar de que se realizan prácticas, estas considéranse insuficientes en canto ao seu contido e a frecuencia con que se realizan. Antes de embarcar, adóitase realizar algunha práctica consistente en coñecer o cadro orgánico do barco e expónse unha posible situación de emerxencia.

“É un pouco explicación do cadro orgánico que hai no barco, pórse un pouco en situación e practicalo. Vemos un exercicio, por exemplo de abandono do buque, coas funcións asignadas para cada un en función do cadro orgánico.”

Desde Capitanía Marítima adóitaselles esixir un exercicio ou práctica.

“Aquí Capitanía Marítima o que lles está esixindo cada ano, é un exercicio de proba, a ver como están en abandono do buque, etc.”

Exponse a formación das tripulacións como mellor ferramenta de concienciación, e mellor garantía de seguridade ante unha emerxencia.

“Hai que concienciar á xente de que son vidas humanas, que a mar non dá segundas oportunidades.”

“Hai que saber poñer un chaleco salvavidas rápido, hai que saber onde están os medios de extinción. Se ti tes un incendio e non sabes onde está o extintor máis próximo ao teu camarote, ao teu posto de traballo, entón vaste pór nervioso, non sabes como funciona o extintor, non atopas o traxe térmico, e sempre que hai unha desgraza, é nas peores condicións: o barco ás escuras, o barco escorado vaste pór nervioso.”

“Telo que facer de maneira robótica, é dicir, saber reaccionar, saber onde tes o extintor, a balsa salvavidas, o teu punto de reunión, que tes que facer ante unha emerxencia.”

Considérase que se debe incidir na realización de máis prácticas antes de embarcar sobre o coñecemento dos medios de extinción e de salvamento do barco, saber onde se atopan, porse un chaleco salvavidas, etc.

“Pedimos que sexan obrigatorias prácticas en terra, no peirao, a todas as tripulacións para que se poñan un chaleco, un traxe térmico, que saiban onde está o extintor máis próximo ao seu posto de traballo.”

“Ti pregúntaslle a un mariñeiro cal é o seu maior risco en caso de afundimento e diche que a hipotermia. E se lle dis se sabe porse un traxe térmico diche que non sabe nin onde está. Se te pos un traxe térmico nun minuto ou minuto e medio tes moitas probabilidades de saír.”

